

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de setembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de agosto de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- LICENZA DE OBRAS

- María Cruz González Lois

#### ANTECEDENTES

1. Dona Sonia Rodríguez Gómez, na representación que ostenta no presente expediente de Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Pontevedra,

solicita con data 22 de maio de 2024 (RE-E núm. 275) licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Aldea de Riba, parroquia de Riobó.

2. Achégase proxecto básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 21/05/24), redactado pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo de núcleo rural” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar de carácter tradicional existente e en estado ruinoso, construída con anterioridade ao ano 1975.
5. As obras proxectadas manteñen os muros de mampostería existentes e non modifican o volume orixinal da edificación. Proxéctase unha cuberta mediante estrutura de vigas e correas de madeira e acabado de tella cerámica curva; o acabado exterior con rexuntado de cal; a apertura dun oco na fachada este e actuacións complementarias.

6. Resulta de aplicación o artigo 40 da LSG que permite a rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais existentes antes do ano 1975, sempre que se manteñan as características esenciais da edificación, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.
7. A referencia catastral da parcela onde se sitúa o inmovible é a seguinte: 36047A107060460000LR.
8. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CINCUENTA E UN MIL CENTO UN EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (51.101,57 €).
9. Tendo en conta que as obras proxectadas atópanse situadas no contorno de protección do elemento patrimonial catalogado denominado IGREXA PARROQUIAL DE SAN MIGUEL (AR-17), solicitouse a preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
10. Por resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra, de data 6 de xuño de 2025, outórgase a autorización solicitada, con imposición de condicionantes (expediente núm. ██████████).
11. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
12. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
13. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
14. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Aldea de Riba, parroquia de Riobó, con estrita suxeición ao proxecto básico e de execución (visado colexial núm. [REDACTED], do 21/05/24), redactado pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais, en particular as impostas pola autorización sectorial concedida no eido de Patrimonio.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Antes do inicio das obras deberá achegarse ao expediente o nomeamento de director de execución e coordinador de seguridade e saúde das mesmas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL VINTE E DOUS EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (1.022,04 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (255,51 €).

### 3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 17 de xuño de 2025 (RE-E núm. 405), coas seguintes características:

#### DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ÓSCAR FERNÁNDEZ AGUIAR
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BARONCELLE, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████

#### DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE COBERTURA E INSTALACIÓN DE CANALÓN VISTO
LUGAR	BARONCELLE
PARROQUIA	CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A131006250001BB
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, en data 17/06/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	13.840,20 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, de data 26/08/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Antes do comezo das obras deberá achegarse ao expediente o nomeamento dun técnico competente encargado do control e dirección das obras, ao tratarse dunha intervención que implica riscos (intervención nunha cuberta), segundo o requirido no artigo 21.4 das Ordenanzas do PXOM.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (276,81 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

**4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA” (EXPEDIENTE NÚM. ██████████)**

**ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”, na reunión celebrada o día 18 de xullo do corrente, procedeu a avaliar as proposicións presentadas en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

**A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)**

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PRAZO ENTREGA	MELLORA	PUNTUACIÓN TOTAL
BAYGAR S.L.	██████	86.185,00 €	45,62	NON (0,00)	10 DÍAS (10,00)	SI (10,00)	65,62
KARCHER S.A.	██████	78.650,00 €	50,00	2 ANOS (30,00)	30 DÍAS (3,33)	SI (10,00)	93,33
MACVIAL MAQUINARIA S.L.	██████	84.028,69 €	46,79	1 ANO (15,00)	30 DÍAS (3,33)	SI (10,00)	75,12

**B/ Resume da puntuación**

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
KARCHER S.A.	██████	93,33
MACVIAL MAQUINARIA S.L.	██████	75,12
BAYGAR S.L.	██████	65,62

Asemade, a Mesa acordou por unanimidade solicitar un informe técnico sobre o cumprimento das proposicións presentadas das características técnicas requiridas no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) que rexe a licitación, designado para a súa emisión ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas. Dito técnico emitiu o informe solicitado, con data 8 de agosto do corrente, concluíndo que as proposicións presentadas polas sociedades Karcher S.A. e Mcvial Maquinaria S.L. deben ser excluídas por incumprir os requisitos e características prescritas no PPT.

A Mesa de contratación, reunida en data 25/08/25, acordou, por unanimidade e de conformidade co informe técnico emitido, propoñer ao órgano de contratación a exclusión das proposicións presentadas polas sociedades Karcher S.A. e Mcvial Maquinaria S.L., propoñendo ao mesmo tempo a adxudicación do contrato a favor de Baygar S.L., ao ser a única proposición que cumpre cos criterios dos pregos.

2º.- O licitador proposto Baygar S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecida na cláusula 16ª do prego (RS-E núm. 265 e 268, do 25/08/25 e 27/08/25).

3º.- Con datas 26 e 29 de agosto do corrente (RE-E núm. 531 e 544), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a través dos medios establecidos nos artigos 87.3 a) e 89.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- ✓ Garantía definitiva por importe de TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (3.561,37 €), mediante aval da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido en data 26 de agosto de 2025 (Rexistro núm. ████████).
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: *“O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”*.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Excluir definitivamente as proposicións presentadas polas sociedades Karcher S.A. e Mcvial Maquinaria S.L. por incumprir as subministracións ofertadas as características requiridas polo Pregos de Prescricións Técnicas (PPT) que rexe a licitación.

Segundo.- Adxudicar o contrato para a adquisición do subministro denominado *“ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIONES DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”* a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: BAYGAR S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 71.227,27 €

IVE: 14.957,73 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Oitenta e seis mil cento oitenta e cinco euros (86.185,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición admitida.

Terceiro.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que regulan a presente licitación, así como á realización efectiva das melloras ofertadas.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e ás licitadoras e publicalo no perfil do contratante do Concello.

Quinto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

## 5.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)” – EXPEDIENTE NÚM. PASS-O 1/2025

### ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”, na reunión celebrada o día 29 de agosto de 2025, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

#### A/ Criterios avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	77.328,68 €	69,93	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	89,93
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	██████	84.458,00 €	29,49	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	49,49
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	75.554,13 €	80,00	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	100,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	89.639,28 €	00,10	—	00,00	—	00,00	00,10
MISTURAS S.A.	██████	81.390,65 €	46,89	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	66,89

#### B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	89,93
MISTURAS S.A.	██████	66,89
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	██████	49,49
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	00,10

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dadas as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para contratar nas inscricións da sociedade Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS  
S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 62.441,43 €

IVE: 13.112,70 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Setenta e cinco mil cincocentos cincuenta e catro euros con trece céntimos (75.554,13 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

## **6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS**

Vistos o orzamento presentado en data 01/09/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo alcalde, con data 03/09/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia en período lectivo 2025*”, entre os días 9 de setembro e 19 de decembro do corrente, ambos inclusive, á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM, con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Lalín, ao prezo de ONCE MIL DOUSCENTOS EUROS (11.200,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

## **7.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO**

Con data 11 de agosto de 2025 (RE núm. 1439) Don Laura Ulloa Diéguez, traballadora laboral fixo do Concello coa categoría de limpadora, presenta minuta asinada para o recoñecemento de vinte e catro (24) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2024. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2025, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de vinte e catro (24) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de setembro de 2025.

## **8.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 1.802,98 €  
Por subministro de diversos equipos informáticos, s/factura núm. 24456.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.965,98 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xullo de 2025, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 2.013,28 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xullo de 2025, s/recibos.
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 543,53 € E 98,82 €  
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000300745 e PI25142000300742 (FACe).

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 51,01 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xullo de 2025, s/factura núm. 25ZNX0192664 (FACe).
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 6.158,67 €  
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2025*” no mes de agosto de 2025, s/factura núm. ROD/003 (FACe).
- ENRIQUE ÁLVAREZ GARCÍA 191,79 €  
Por agasallo de material deportivo para os/as nenos/as saharauis acollidos no Concello, s/factura núm. 24000018/1.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 57,84 € E 3.316,13 €  
Por diversas reparacións na rede municipal de abastecemento de auga, s/facturas núm. FV/00003199 e FV/00003200 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 862,40 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 01-A250735 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.380,84 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xullo de 2025, s/factura núm. 2025/2188 (FACe).
- MIGALLAS TEATRO S.L. 1.598,00 €  
Por representación do espectáculo “*Falemos como galegas*”, dentro do circuito +Escénicas da Deputación de Pontevedra, s/factura núm. 25/172 (FACe).
- XIADA SANLÉS MÍGUEZ 665,50 €  
Por representación do espectáculo “*A bailar!*” dentro da programación de Cultura no Camiño 2025, s/factura núm. F250088.

- MARCAHILBE S.L. 107,67 €  
Por canxe de vale de premiada no “II concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. 05000003.
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.649,17 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202568000851 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.625,65 €  
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2023 (reinvestimento de baixa), s/factura núm. 012/2025.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)